

VIEIRA



Favorece o
crecemento!



Recóllense con embarcacións mediante o rastro de vieira, que é coma un angazo cunha rede detrás para recollellas do fondo mariño. Apórtannos **minerais e vitaminas do grupo B** como a vitamina B9, que favorece o crecemento e B3 e B12.

Nome común: Vieira.

Nome científico: *Pecten maximus*

É un **molusco bivalvo** (formado por dúas cunchas). Por fóra teñen ondulacións e son de cor entre marrón e vermello. Vive nos fondos detriticos areosos mariños do litoral ata 100m con augas limpas. Aliméntanse de fitoplancton e partículas orgánicas.